

**I PREMIO A TRABALLOS FIN DE GRAO, TRABALLOS FIN DE MÁSTER E
TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN SOBRE MOBILIDADE E A LOXÍSTICA
SOSTIBLE 2026**

Co obxectivo de recoñecer os mellores traballos académicos e de investigación sobre a **Mobilidade e a Loxística Sostible**, incluíndo aqueles que aborden a economía circular como enfoque estratéxico para mitigar os retos ambientais e sociais asociados á mobilidade e tendo en conta que a economía circular promove a maximización da reutilización, a reciclaxe e a eficiencia no uso dos recursos, en coherencia cos principios e obxectivos da mobilidade sostible e cumprindo deste xeito cos fins da Cátedra Institucional USC-MOMBUS de Mobilidade Sostible, a Vicerreitoría de Transformación Dixital e Innovación resolve convocar o ***“I Premio a TFG, TFM e Traballos de Investigación sobre Mobilidade e a Loxística Sostible 2026”***, nos seguintes termos:

1. CATEGORÍAS E DESTINATARIOS/AS

- **Categoría I: Premios a TFG e TFM.** Poderán presentarse a este premio todos/as os/as estudantes que teñan defendido durante o curso académico 2024/2025, un Traballo de Fin de Grao (TFG) ou un Traballo de Fin de Máster (TFM) en calquera Universidade pública española que tivera como tema de estudo a Mobilidade e a Loxística Sostible e que tiveran acadado a máxima cualificación académica superior ou igual a notable por parte das respectivas comisións avaliadoras. É condición inescusable para seren aceptados á consideración polo xurado que o traballo non teña sido premiado con anterioridade.
- **Categoría II: Traballos de Investigación.** Poderán presentarse a estes premios todos/as os/as investigadores/as de nacionalidade española ou estranxeiros/as que teñan publicado, entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 30 de abril de 2026, un traballo en formato de libro ou artigo científico de autoría individual e/ou colectiva, ou defendido unha tese de doutoramento, que tivera como tema da Mobilidade e a Loxística Sostible. É condición inescusable para seren aceptados á consideración polo xurado, que o traballo non teña obtido ningún premio anteriormente.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que concurra algunha das circunstancias establecidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

2. PREMIOS

Categoría I. Premio a TFG e TFM: Outorgarase un único premio en metálico de cunha dotación económica de **1.500 € (mil cincocentos euros)** para un TFG ou TFM, acompañado do correspondente diploma acreditativo, e financiarase con cargo á partida orzamentaria 5250-4351-28500 da Cátedra Institucional USC-MONBUS de Mobilidade Sostible para o exercicio 2026.

No caso de haber máis dunha persoa gañadora, o importe do premio repartiríase en partes iguais para cada un/ha delas.

No caso de que o xurado considere que ningún dos traballos presentados acada un nivel axeitado, poderase declarar deserto o premio.

Categoría II. Traballos de Investigación. Outorgarase un único premio en metálico de **2.500 € (dous mil cincocentos euros)**, acompañado do correspondente diploma acreditativo, e financiarase con cargo á partida orzamentaria 5250-4351-28500 da Cátedra Institucional USC-MOMBUS de Mobilidade Sostible para o exercicio 2026.

3. SOLICITUDES

A presentación de solicitudes farase na Sede Electrónica da USC, a través do formulario:

<https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/premiosCatedrasInstitucionais2026.htm>

No asunto deberá indicarse *“I Premio a TFG, TFM e Traballos de Investigación sobre Mobilidade e a Loxística Sostible”*, e acompañarase a solicitude dos seguintes documentos:

CATEGORIA I: TFG e TFM

- Un exemplar do TFG ou TFM en formato PDF. No caso de que o tamaño supere a capacidade permitida, deberá indicar un enlace ao repositorio que permita a súa descarga.
- Copia do DNI ou pasaporte (agás estudantes da USC)
- Certificación académica oficial coa cualificación do TFG ou TFM (agás estudantes da USC)
- Un resumo do traballo dun máximo de 1.500 palabras en galego, castelán ou inglés no caso de que o traballo non estea en ningún deses idiomas
- ANEXO I (inclúe a autorización expresa de someter os traballos a programas antiplaxio (agás defensa do TFG ou TFM na USC); a declaración responsable de que o TFG ou TFM non obtivo ningún premio anteriormente; a declaración

responsable de non concorrer con algunha das circunstancias establecidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia)

CATEGORÍA II. Traballos de Investigación.

- Copia do Documento Nacional de Identidade ou pasaporte (agás estudantes, profesores e investigadores da USC).
- Copia do traballo publicado ou da tese de doutoramento. No caso de que o tamaño supere a capacidade permitida, deberá indicar un enlace ao repositorio que permita a súa descarga.
- No caso de presentar unha tese, certificación académica oficial coa cualificación da mesma (agás que fóra defendida na USC).
- Un resumo do traballo ou a tese de máximo 5000 palabras en galego, castelán ou inglés, no caso de que non estea redactada nun dos idiomas oficiais da USC.
- Declaración responsable indicando que o libro, artigo ou a tese non obtivo ningún premio anteriormente (ANEXO II).
- Declaración responsable de non concorrer con algunha das circunstancias establecidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. (ANEXO II)
- Autorización á Cátedra Institucional USC-MONBUS de Mobilidade Sostible para someter o traballo/tese a programas antiplaxio (ANEXO II).

As persoas que non sexan quen de usar o rexistro electrónico poderán presentar a solicitud e documentación de xeito presencial na oficina de asistencia en materia de rexistros do Campus de Santiago de Compostela (Colexio San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, 15782, Santiago de Compostela), na oficina de asistencia en materia de rexistros do Campus de Lugo (Biblioteca Intercentros, 27002 Lugo), ou naqueles lugares establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ao remate do prazo de presentación de solicitudes publicárase unha lista provisoria de solicitantes admitidos/as e excluídos/as.

Os/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de **cinco (5) días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta, para poder emendar os defectos que motivaron a exclusión.

4. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes abrírase ao día seguinte da publicación desta convocatoria no taboleiro electrónico da USC e **pecharase o 11 de maio de 2026**.

5. XURADO DE SELECCIÓN

O xurado do presente premio estará formado polo vicerreitor/a con competencias en materia de Cátedras Institucionais, vicerreitor/a con competencias en materia de investigación e a directora da Cátedra. Se se estima oportuno, a dirección da Cátedra poderá nomear dous asesores en función da lingua na que se presenten os textos.

➤ Criterios de valoración:

- A orixinalidade do traballo (25%)
- As novidades das súas achegas ao coñecemento dos temas estudados (25%)
- A actualidade e calidade da súa metodoloxía (25%)
- As calidades formais dos textos: calidade da redacción, xeito de presentar e estruturar a información e calidade do aparato gráfico, caso de existir (15%)
- A bibliografía citada (10%)

Fallo do xurado. Ditarase resolución co fallo do xurado a través da correspondente resolución, e publicarase no taboleiro electrónico da USC.

Os/as aspirantes aos premios disporán dun prazo de **cinco (5) días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución para presentar alegacións.

Transcorrido este prazo ditarase resolución definitiva coa concesión dos premios.

O xurado poderá realizar unha análise automatizada de control da vulneración de dereitos da propiedade intelectual, agás os traballos defendidos na USC. A partir desa análise, se o xurado observa que se vulneraron os citados dereitos desestimarás o traballo presentado sen prexuízo da responsabilidade en que se poda incurrir.

A dirección da Cátedra resérvase o dereito a publicar os traballos premiados, previa autorización do/s autor/es.

Todos os actos derivados da presente convocatoria publicaranse no taboleiro electrónico da USC.

A participación no concurso implica necesariamente a aceptación do que se expón nestas bases.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non

recaía resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data de sinatura.

Gumersindo Feijoo Costa

Vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación

(por delegación de competencias, RR. do 21 de abril de 2022, modificada por RR do 26 de setembro de 2023)

ANEXO I. DECLARACIÓN RESPONSABLE E AUTORIZACIÓN ANTIPLAXIO

**I PREMIO A TRABALLOS FIN DE GRAO, TRABALLOS FIN DE MÁSTER E
TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN SOBRE MOBILIDADE E A LOXÍSTICA
SOSTIBLE 2026**

Nome:	DNI:
Universidade:	
Titulación:	
Título do traballo:	
Titor/a/Director/a:	
Cualificación obtida:	

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- ☐ Que todos os datos reflectidos na solicitude son certos, podendo ser requiridos polo xurado do premio en calquera momento do procedemento para a súa comprobación.
- ☐ Que o traballo presentado é orixinal e inédito e non obtivo ningún premio con anterioridade en certames de institucións, fundacións ou cátedras nos que se premie a excelencia académica ou investigadora, agás por ter acadado a consideración de matrícula de honra.
- ☐ Que non incorro en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 10* da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, que impidan ter a condición de beneficiario/a.

AUTORIZACIÓN PROGRAMAS ANTIPLAXIO

- ☐ Autorizo someter o traballo a programas antiplaxio (agás defensa na USC)

E para que conste e para os efectos oportunos, asino este documento en de de 2026.

ANEXO II. DECLARACIÓN RESPONSABLE E AUTORIZACIÓN ANTIPLAXIO

I PREMIO A TRABALLOS FIN DE GRAO, TRABALLOS FIN DE MÁSTER E
TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN SOBRE MOBILIDADE E A LOXÍSTICA SOSTIBLE
2026

Nome:	DNI:
Universidade/Centro de Investigación:	
Título do traballo:	
Código ISBN/ ISSN/CERTIFICADO DEFENSA TESE	

DECLARACIÓN RESPONSABLE

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- ☐ Que todos os datos reflectidos na solicitude presentada son certos, podendo ser requiridos polo xurado do premio en calquera momento do procedemento para a súa comprobación.
- ☐ Que o traballo/tese presentado é orixinal e inédito e non obtivo previamente ningún premio.
- ☐ Que non incorro en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 10* da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, que impidan ter a condición de beneficiario/a.

AUTORIZACIÓN PROGRAMAS ANTIPLAXIO

- ☐ Autorizo someter o traballo/tese a programas antiplaxio.

E para que conste e para os efectos oportunos, asino este documento en
..... de de 2026.

Sinatura:

*** Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:** Artigo 10.-Requisitos para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora.

1. Poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as persoas ou entidades que se atopen na situación que fundamenta a concesión da subvención ou nas que concorran as circunstancias previstas nas bases reguladoras e na convocatoria.

2. Non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións reguladas nesta lei as persoas ou entidades nas que concorra algunha das circunstancias seguintes, salvo que pola natureza da subvención se exceptúe pola súa normativa reguladora:

- a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Solicitar a declaración de concurso, ser declarados insolventes en calquera procedemento, acharse declarados en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme a Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Dar lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa administración.
- d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
- e) Non acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.
- f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Non acharse ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.
- h) Ser sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo esta lei ou a Lei xeral tributaria.

Non poderán acceder á condición de beneficiarios as agrupacións previstas no segundo parágrafo do apartado 3 do artigo 8 desta lei cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

3. En ningún caso poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións reguladas nesta lei as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Tampouco poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, en tanto non recaía resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.

4. As prohibicións contidas nas letras b), d), e), f) e g) do apartado 2 e no apartado 3 deste artigo apreciaranse de forma automática e subsistirán mentres concorran as circunstancias que, en cada caso, as determinen.

5. As prohibicións contidas nas letras a) e h) do apartado 2 deste artigo apreciaranse de forma automática. O alcance da prohibición será o que determine a sentenza ou resolución firme. Na súa falta, o alcance fixarase de acordo co procedemento determinado regulamentariamente, sen que poida exceder de cinco anos no caso de que a prohibición non derive de sentenza firme.

6. A apreciación e o alcance da prohibición contida na letra c) do apartado 2 deste artigo determinaranse de acordo co establecido no artigo 21, en relación co artigo 20.c) do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño.

7. A xustificación por parte das persoas ou entidades de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora, sinaladas nos apartados 2 e 3 deste artigo, poderá realizarse mediante testemuño xudicial, certificados telemáticos ou transmisións de datos, de acordo co establecido na normativa correspondente ou mediante certificación administrativa, segundo os casos. O dito documento poderá ser substituído por unha declaración responsable.

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: GUMERSINDO FEIJOO COSTA,
VICERREITOR DE TRANSFORMACION DIXITAL E INNOVACION, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA, 09/03/2026 20:40:42.

CSV: 3AF7-F7A2-4A8C-AF46